

Comezan as obras de urbanización de Xaz, en Dorneda

Páxina 4



Concello de  Oleiros

Os cortes de tráfico na avenida Ernesto Che Guevara inicianse estes días

Páxina 8

Vivir en Oleiros

Número 58
Xaneiro 2018
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Este novo tramo prolonga o paseo marítimo de Mera desde Espiñeiro ata Canide



A rotonda do centro de Santa Cruz será unha realidade antes do verán

Páxina 5

O Concello coopera nun proxecto sanitario en Chiapas

Páxina 11

O Balcón de Maianca abre unha fermosa fiestra á baía de Mera

■ O pasado 30 de setembro decenas de persoas participaron na inauguración do Balcón de Maianca. Desde entón centos de veciños e visitantes están a gozar da fermosura da baía de Mera desde este novo paseo marítimo, duns 700 metros de lonxitude, que conecta Mera con Dorneda, a través das zonas verdes da urbanización Canide. Esta obra tivo un custo de 468.653,27 euros.

Os campos de fútbol municipais, a disposición de todos os clubs

Páxina 16

O orzamento municipal de 2018 supera os 28 millóns de euros

O pleno municipal aprobou o orzamento do Concello de Oleiros para o ano 2018 que ascende á cantidade de 28.001.130 euros, un 2,91% máis que en 2017. No documento reflíctese a importancia da conservación e do mantemento dos servizos e das infraestruturas públicas para o que se destinan preto de 12 millóns de euros. O investimento en novas obras incrementábase en máis dun 5% e sitúase preto dos 6 millóns de euros.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Unha loita de Alternativa dos Veciños

A mellora das infraestruturas viarias que atravesan o municipio é unha reivindicación de Alternativa dos Veciños desde o seu nacemento, tal e como se demandaba xa desde as asociacións veciñais das que xurdiu o noso grupo político. As demandas para a N-VI, a ampliación da ponte da Pasaxe, a creación da vía Artabra e a súa conexión coa AP-9 son vellas loitas nas que, por desgraza, seguimos metidos de cheo. Unhas actuacións que por certo serían máis doadas de realizar cos recursos económicos aos que tería acceso unha área metropolitana na comarca, á que se opoñen Partido Popular e Partido Socialista por intereses electoralistas.

No caso da N-VI, a presión realizada polos Gobernos de Alter-

nativa dos Veciños permitiu que o Ministerio de Fomento levase a cabo hai máis de 20 anos un plan de mellora de toda a N-VI, desde Betanzos ata A Coruña. Nese documento, en parte sen executar malia que uns e outros ocuparon o Goberno durante varias legislaturas, incluíronse as nosas demandas para mellorar a vida da xente. Froito desas reivindicacións constantes, nas que tamén foi clave a participación das asociacións de veciños, realizáronse importantes obras para a seguridade das persoas e para unha mellor fluidez do tráfico en Iñás, no Carballo, no Seixal e o vindeiro ano tamén na zona do Seixo. Precisamente acabamos de conseguir que se contraten as dúas pasarelas peonís, que serán unha realida-

de en 2018, nesta importante zona residencial e comercial do noso municipio.

Lamentablemente, e a pesar de que desde o Goberno de Alternativa dos Veciños a colaboración sempre foi total co Ministerio, ata o punto de conseguirlles gratuitamente o solo necesario para que fixesen as obras, seguimos agardando. A obra en Sol y Mar, que implicaría o soterramento do tráfico Madrid-A Coruña e a creación de vías de servizo e dunha rotonda na superficie para os veciños da zona e os condutores que se dirixen cara a Montrove, Oleiros e Sada e a ampliación da ponte da Pasaxe seguen sen realizarse. Non acontece o mesmo cos accesos a outras cidades galegas, que teñen moito menos tráfico.

Onde estiveron e onde están os deputados que nos representan en Madrid?

Uns non fan nada de nada e outros, que cando gobernaron en Galicia e estiveron no Congreso non se preocuparon de Oleiros, buscan agora protagonismo con propostas absurdas e dispendiosas. As medidas provisionais que se tomaron polas obras melloraron o tráfico con algún prexuízo para a veciñanza de Beiramar, obrigada a dar a volta na ponte da Pasaxe.

Mentres desde Alternativa dos Veciños continuaremos loitando como sempre fixemos, coa maior das forzas para que o Ministerio de Fomento contrate as obras de Sol y Mar canto antes.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Seguimos nas barricadas

O Concello de Oleiros, ao igual que todas as institucións de España teñen a obriga de adaptarse dende 2015 á Lei de transparencia e goberno aberto publicado polo Ministerio, pero unha vez máis é un tema que o alcalde non ve "claro". Non o dicimos nós, dio quen se dedica a analizar o cumprimento dos 130 indicadores que teñen que ser

públicos para os cidadáns (DYNTRA). Deles, só cumpre 30, é dicir, un 19.61 % destes.

O alcalde sitúase, unha vez máis, ao borde da legalidade, xa o estamos vendo con partidos isolacionistas que tan de moda puxeron a Cataluña, e non só incumpre a lei, senón que se nega a facilitar a información a petición

privada, sabendo que é a súa obriga facelo. A Comisión de transparencia de Galicia chamoulle a atención sobre este tema a raíz dun expediente aberto por un cidadán.

Non é de estrañar. A súa maneira de actuar ao fío da legalidade non é algo novo, pero o cidadán, cada vez máis informado e cada vez máis

participativo do mundo da política estase cansando de aguantar políticas do "comigo ou contra min". E isto, co Sr. García Seoane, comeza a ser unha dinámica moi perversa. Aos amigos si, se teñen cartos, mellor, e aos que considera inimigos, por motivos ideolóxicos, a eses, nin auga. E así andamos, nas barricadas do Che, como diría el.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Desexos para o novo ano

O Grupo Municipal Socialista quere compartir cos veciños de Oleiros os nosos desexos para o novo ano.

Desexamos que Oleiros siga sendo un dos municipios máis ricos de Galicia, pero desexamos que non haxa diferenzas, e que todos gocemos dunha vida digna, con traballo e con medios económicos que nos permitan vivir con tranquilidade.

Desexamos que Oleiros siga sendo "singular", pero que esa singularidade non signifique saír na prensa por sentenzas xudiciais de irregularidades administrativas, de excesos políticos, nin de curiosidades como que o alcalde, cun soldo máis que digno, someta os veciños a unha colecta (ao máis puro estilo Artur Mas) para pagar sentenzas derivadas da súa incontinencia verbal, ou faga antroidadas cun nulo

rédito político e moito de vergoña allea.

Desexamos que Oleiros siga sendo un dos lugares máis fermosos de España, pero que esa beleza non sexa pasto de especuladores urbanísticos que soñan con campos de golf para ricos, urbanizacións ao alcance de moi poucos, hoteliños a pé de praia en centros urbanos... e iso si, vías de comunicación insuficientes e obsoletas.

Desexamos que Oleiros siga tendo parques, bibliotecas, pavillóns deportivos... pero que se coiden e se modernicen para estar á altura das nosas necesidades.

O Grupo Municipal Socialista deséxalles aos veciños de Oleiros unhas felices festas e que 2018 sexa un ano de ledicia, tranquilidade, solidariedade e prosperidade.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

A Xunta de Galiza necesita comer rabos de pasas

Outro ano máis temos que recomendar ao goberno da Xunta do PP unha dieta a base de pasas. Acaba de chegar ao Parlamento o proxecto de Orzamentos para 2018 e as únicas grandes partidas que hai para Oleiros son o tanque de tormentas de Santa Cruz e o chamado "sifón" da Pasaxe. Proxectos moi importantes para o saneamento da nosa ría despois de tantos anos de abandono; mais non poden ser os únicos no 10º concello máis poboado de Galiza e no da

renda media por habitante máis elevada do país. O BNG leva ao Parlamento unha serie de actuacións concretas onde se necesita do investimento da Xunta, pois son ámbitos da súa responsabilidade. Estas son as propostas que van defender as nosas deputadas e deputados:

- 1 millón de € para unha actuación integral na Residencia de Maiores de Oleiros.
- 1 millón de € para a mellora da mobilidade na AC-174 entre Perillo e Lamastelle.

- 1 millón de € para unha escola infantil de 0-3 na parroquia de Nós.
- 1 millón de € para unha nova rede de saneamento na Gándara (Nós).
- 900 mil € para melloras nas instalacións dos centros de ensino (Valle-Inclán, A Rabadeira...).
- 100.000 € para un plan de apoio á dinamización do Museo dos Oleiros en Sta. Cruz.
- Aumento do financiamento para o CEIDA e para o Centro de Recuperación da Fauna Silvestre.

- 600.000 € para medidas de impulso da actividade do Porto de Lorbé, actuacións de mantemento dos peiraos de Mera e Santa Cruz e execución do proxecto de recuperación para uso náutico na zona do Xunqueiro (Mera).
- 600.000 € para a elaboración dun plan de dinamización do Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes, pendente desde a súa declaración como espazo protexido.

EDITORIAL • Creadores de opinión

◆ O concepto de pobo sempre foi susceptible de numerosas acepcións negativas, entre as cales destaca a desa “masa” de vontade maleable, dócil e de opinión altamente influenciábel. Neste derradeiro eido é onde historicamente tivo o seu radio de acción un estamento coñecido como os “líderes de opinión”. Esta especie de “Mesías” que, a través da palabra, inflúen e manipulan ao seu antollo nos corazóns da opinión pública. Supostos ilustrados disfrazados de abandeirados da liberdade que, en última instancia, responden aos intereses dos máis poderosos. Xa sabemos: un pobo ignorante é o instrumento cego da súa propia destrución, que dicía Simón Bolívar. Os poderosos necesitan voceiros que amasen a plebe.

Pero os creadores de opinión non pertencen exclusivamente á época contemporánea. A estas castas xa pertencían os bruxos, os xamáns ou os guías dos múltiples credos que, ao longo dos séculos, gozaban das prebendas dos poderes establecidos. Servos de luxo que poucas veces mordían a man dos amos que lles daban de comer.

Foi a través dos avances conseguidos no último século a través de procesos revolucionarios e dos novos xeitos de comunicación como parecía que as nosas cadeas co *stablishment* se afrouxaban. Pero non. O pobo non se librou de ser manipulado. Hoxe máis que nunca, as nosas vidas están controladas: a industria cultural marca os nosos costumes e condutas: que comer, que vestir, que mercar..., mesmo que opinar ou que dicir. Somos presos de tendencias que percibimos de forma

subrepticia polos cinco sentidos e asumimos como propias. Hoxe, o poder xa non necesita bruxos, nin xamáns, nin incluso relixiosos... ten Google, ten Facebook, ten a axenda mediática. O poder fáctico controla os novos líderes de opinión en programas con presentadores ególatras e relatores mediocres. A globalización estendeu esta infección a nivel mundial, provocada por inmensos poderes económicos que recaen nas mans de dous ou tres multimillonarios que poñen e sacan gobernos ao seu antollo. Que crean guerras cruentas contra os países que non se dobregan, contra os que se resisten a que se lles cambie a súa cultura, o seu modo de vivir.

O éxito da posta en práctica da campaña electoral de Donald Trump en EEUU ou a recente campaña independentista impulsada polas organizacións civís da burguesía catalá-salvando as distancias-, véñennos demostrar o manipulables e dóciles que en verdade somos e o dano que os amos dos sistemas poden facer en calquera clase social, en calquera momento e en calquera parte do mundo.

Mentres non sexamos conscientes de que os aparellos e os sistemas nos levan lentamente cara á destrución da diversidade, a eliminación da riqueza cultural, a falta de convivencia e a ser insolidarios; estaremos a ser meros dígitos nas redes de destrución masiva dos globalizadores.

Aos que son crentes, aínda os pode coller Deus confesados. Os ateos e agnósticos, están apañados.



A urbanización de Xaz xa é unha realidade



Iníciáanse as obras no Pazo de Arenaza, que se converterá nun centro de investigación ▼

◆ O acondicionamento do Pazo de Arenaza para a creación dun centro de coworking xa está en marcha. A Deputación da Coruña financia na súa totalidade estas obras, que foron adxudicadas á empresa Sergonsa por máis de 220.000 euros.

O prazo para finalizar os traballos acaba nos mes de marzo. Unha vez rematadas as obras, a Deputación convocará unhas bolsas para os posibles candidatos e candidatas e seleccionará o persoal necesario para a posta en marcha deste centro, chamado a ser unha referencia no Estado.

A cuberta do parque da Lagoa estará lista antes do verán ▼

◆ O Concello de Oleiros reiniciou os traballos de construción da cuberta no parque da Lagoa de Mera, despois de resolver os numerosos trámites administrativos que impedían retomar as obras. Debido aos erros do proxecto, a empresa que o redactou terá que asumir os incrementos económicos precisos para poder construír a cuberta que superan os 30.000 euros.

Esta actuación ten un custo de máis de 350.000 euros. Os materiais empregados para a construción da cuberta garanten a integración visual coa paisaxe do contorno mediante unha estrutura abovedada, similar ás ramas das árbores que hai no parque. Empregarase madeira laminada para preservar a calidade estética e paneis transparentes que permitirán o paso da luz natural.



O alcalde logra que a Deputación contrate este ano a ampliación da estrada da Besta ▼



◆ A Deputación da Coruña adquiriu, mediante cooperación e compensación, os terreos necesarios para ampliar a estrada da Besta, a vía que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra. A estrada, de titularidade provincial, pasará a ter 7 metros de pavimento para a circulación de vehículos, cunetas e outros dous metros máis de beiravía para que os peóns poidan transitar de xeito seguro. Este proxecto ten un custo de máis de 600.000 euros.

A grada do campo de fútbol municipal Leonardo Maceira contará cunha cuberta

◆ O Concello de Oleiros incluíu no plan único da Deputación da Coruña as obras de construción dunha cuberta nas gradás do campo de fútbol Leonardo Maceira, nos Regos. A actuación ten un custo de 140.000 euros e sairá a licitación unha vez a Deputación aprobe definitivamente o plan.

O recinto deportivo, que utilizan principalmente os equipos do Santa Cruz e do Cristo Rey, foi remodelado recentemente polo Concello de Oleiros, que investiu 300.000 euros. Entre outras melloras, o terreo de xogo foi dotado de céspede artificial e a iluminación foi renovada.

O Concello contrata a construción da rotonda no centro de Santa Cruz por 456.000 euros ▼



◆ O Concello de Oleiros adjudicou á empresa Arias Infraestruturas as obras de construción da rotonda no centro de Santa Cruz por 456.036,78 euros. O proxecto tamén inclúe a creación de novas zonas de estacionamento para vehículos en parte dos terreos que ocupaba a antiga gasolinera.

Previamente realizáronse os traballos de descontaminación do solo. Foron extraídos os antigos tanques de combustible e extraeuse toda a terra que presentaba restos de carburantes. A compañía CEPESA, como causante deste prexuízo para o terreo e como antiga propietaria da parcela, terá que asumir os máis de 100.000 euros que custou esta actuación.

A Xunta está obrigada a construír beirarrúas en Lorbé

◆ O Concello de Oleiros puxo a disposición da Xunta de Galicia o solo necesario para a construción de beirarrúas en Lorbé, desde a casa do pobo ata o linde con Sada pola marxe dereita. Os terreos foron cedidos gratuitamente polos veciños ao Concello. A Xunta de Galicia, que é a administración titular da estrada, está obrigada agora a dotar de seguridade os peóns nun núcleo urbano tan importante como é o de Lorbé. O alcalde, Ángel García Seoane, mantivo unha reunión coa conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, para demandarlle a realización desta obra.

A creación das beiravías entre Montrove, As Pedreiras e Cristo Rei a punto de comezar

◆ A Xunta de Galicia contratou recentemente por 499.971,39 euros a obra de construción de beirarrúas desde Lamastelle ata As Pedreiras e desde ese punto ata o colexio Cristo Rei, no Carballo. Esta actuación deberá estar finalizada antes de setembro. O Goberno municipal conseguiu previamente o solo necesario para a creación de beiravía peonil e carril bici nesta zona logo de chegar a acordos de cesión gratuita cos propietarios lindeiros coa estrada.


O carril bici entre Santa Cruz e Mera converterase nunha gran avenida con árbores e zonas verdes ▼

◆ O carril bici que está a construír o Concello de Oleiros entre as localidades de Santa Cruz e Mera está sendo dotado de bancos, papeleiras, céspede e árbores. Tamén está a levarse a cabo a pavimentación das zonas de estacionamento para os vehículos.

A creación desta grande avenida entre as localidades de Mera e Santa Cruz é unha iniciativa do Goberno municipal. A primeira fase desta obra levouse a cabo con fondos municipais, 900.000 euros, malia que sería a Xunta de Galicia a administración que debería realizar a actuación por ter a titularidade sobre esa estrada. Posteriormente, grazas á sinatura dun convenio de máis dun millón de euros coa Deputación provincial, realizouse a segunda fase, desde Augarrío ata Arillo. Esta importante obra non sería posible sen a colaboración dos veciños e veciñas que cederon gratuitamente os terreos necesarios para a creación deste paseo.



Eliminado o tapón que impedía conectar o paseo de Beiramar coa rúa dos Sauces ▼



◆ O alcalde acadou a cesión gratuita dos terreos necesarios para a obra grazas á colaboración dos seus propietarios, as familias Bermúdez Escariz.

Aprobadas as obras a incluír no Plan POS+ da Deputación

O pleno municipal aprobou por unanimidade as obras que o Goberno municipal decidiu incluír no Plan POS+ da Deputación da Coruña. Os proxectos ascenden no seu conxunto á cantidade de 1.317.136,42 euros, dos que a Deputación financia 913.394,48 euros.

Unha vez a Deputación tamén aprobe os proxectos, as obras poderían iniciarse, posiblemente antes do verán. O documento inclúe a reurbanización completa da avenida Rosalía de Castro, desde a Biblioteca Central

Rialeda ata a ponte da pasaxe; a construción dunha cuberta na pista polideportiva da casa do pobo de Dorneda; a pavimentación da estrada que conecta Cambre con Oleiros na zona da Seara; o asfaltado das rúas das urbanizacións O Xunqueiro e O Valiño; a renovación do bombeo das Pedras, que prové de auga a toda a localidade de Oleiros; e unha nova rede de abastecemento de auga na rúa do Pombal, en Perillo, xa que a actual ten 40 anos e está obsoleta. Estas obras, que deberían ser aprobadas na Deputación no mes de marzo, poderían comezar antes do verán.

Comeza a reforma do novo local municipal de Mera

◆ As obras de remodelación do local adquirido polo Concello de Oleiros na praza da Lagoa, en Mera, avazan a bo ritmo. Está previsto que os traballos finalicen nas próximas semanas para que as entidades da localidade poidan desenvolver as súas actividades nesta instalación pública.

O local conta cunha superficie de 220 metros cadrados e custou 115.000 euros. No momento no que finalicen as obras, contará cunha gran sala de usos múltiples que utilizará prioritariamente a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca, que non dispón de ningún local para desenvolver as súas actividades, e un ximnasio para os adestramentos do Centro Deportivo Mariñeiro de Mera.



O edificio das antigas escolas de Río da Loba quedará rehabilitado



◆ Nos vindeiros días finalizarán as obras de mellora do edificio das antigas escolas de Río da Loba que utiliza a Agrupación Folclórica Folliañas e a Asociación de Amas de Casa. O investimento que se vai realizar nesta instalación pública ascende a 56.000 euros.

As obras de mellora inclúen o cambio de portas e fiestras, o pintado do edificio, a renovación da cuberta e dos canlóns, así como a realización dunha nova división interna.

O Concello realiza diversas obras nas casas do pobo de Iñás e Nós



◆ Nos vindeiros días rematarán as obras de mellora das casas do pobo de Iñás e Nós. Estas actuacións teñen un custo de 50.000 euros.

Na casa do pobo de Iñás procedeuse, entre outras cousas, ao cambio das fiestras, das portas e ao pintado interior. En Nós cambiouse as portas da zona baixa e as fiestras.

A urbanización Mesón da Auga contará cun novo parque infantil


◆ O Concello de Oleiros ampliará a actual zona de xogos infantís existente na urbanización Mesón da Auga ante o elevado número de nenos e nenas que residen nesta zona. Esta obra será contratada nas vindeiras semanas e superará os 24.000 euros.

Oleiros conta con máis de 60 parques infantís espallados por todo o municipio. Todos eles cumpren coa normativa europea de seguridade e son inspeccionados periodicamente.



3.216.706 euros para o mantemento e coidado dos xardíns públicos e zonas verdes ▶

◆ O Concello de Oleiros contratou recentemente os servizos de mantemento dos 108 xardíns e zonas verdes municipais durante os próximos catro anos. O custo total ascende a 3.216.706,59 euros. O Goberno estipulou para os tres novos contratos, que abranguen distintas áreas do municipio, unha ampliación das zonas e un incremento da frecuencia dos traballos. Jardinería Arce e Jardín Celas foron as empresas adjudicatarias.



O investimento na mellora das redes de auga e saneamento acaba os 660.336 euros

◆ O Concello de Oleiros ten en marcha diversas obras nas redes de abastecemento de auga e de saneamento de diferentes localidades do municipio. Xa se iniciaron os traballos de renovación da rede de abastecemento de auga en Iñás, entre o depósito de Sarro e a intersección da rúa Fontes coa avenida Espoz y Mina e entre o polígono e a zona do Campamento. Tamén comezou a substitución dos pozos de saneamento na rúa Benito Feijoo, en Dorneda. Nos próximos meses levarase a cabo a renovación da rede de auga na avenida das Mariñas, na zona do Graxal, e na avenida Concepción Arenal, en Santa Cruz.



A construción da depuradora do Xunqueiro entra na fase final ▼



◆ Está previsto que nos vindeiros días finalicen os traballos de construción da nova depuradora da urbanización O Xunqueiro, en Mera. O custo desta obra ascende a 148.715,07 euros.

A urbanización O Xunqueiro, construída antes da democracia, tiña un problema grande desde hai tempo ao verter directamente ao mar as augas residuais. Aínda que non conta cun número moi elevado de vivendas, con esta obra eliminarase definitivamente o único punto existente en Oleiros que vertía ao mar sen depuración previa.

Un novo camión mellorará a brigada municipal de reparación de rúas e camiños ▼

◆ O Concello de Oleiros vai asinar un convenio coa Deputación da Coruña para financiar a adquisición dun novo camión para a realización de asfaltados de rúas e camiños de titularidade municipal. O custo do vehículo supera os 120.000 euros.

A brigada de asfaltados municipais xa vén actuando na reparación e asfaltado de camiños públicos. O equipo está formado por cinco operarios e diversa maquinaria.

Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuito, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, www.oleiros.org, poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.

Os cortes de tráfico na avenida Che Guevara comezarán nos vindeiros días



- 1. Coller a RÚA MIRADOIRO
- 2. Meterse cara o MERCADO MUNICIPAL pola RÚA BARREIRA
- 3. Baixar cara ROSALÍA DE CASTRO pola RÚA DA GOLPA
- 4. Facer a ROTONDA DE SANTA CRISTINA

■ *Os desvíos recomendados son a vía Ártabra e a rúa Miradoiro*

◆ Xunto co tanque de tormentas que se está a construír en Santa Cruz, a construción do sifón e do colector na avenida Ernesto Che Guevara completará definitivamente a rede de saneamento do Concello de Oleiros. Esta nova obra, que rolda os dous millóns de euros, consiste, entre outras cousas, na colocación dunha grande tubaxe dun metro de diámetro desde a rotonda do monumento ao Che ata a ponte da Pasaxe.

Ante a necesidade de cortar o carril dereito da circulación en tramos de 100 metros para realizar a obra, o Concello de Oleiros recomenda empregar os desvíos para reducir os problemas de circulación. Para toda a veciñanza do norte do municipio a mellor saída para dirixirse á Coruña é a través da vía Ártabra. No caso daqueles que viven na parte baixa de Dorneda, en Santa Cruz e Bastiagueiro, a mellor opción que teñen é desviarse no monumento a Che Guevara cara á avenida da II República, coller a rúa da Barreira para baixar a Rosalía de Castro e incorporarse á ponte da Pasaxe tras pasar pola rotonda de Santa Cristina. Para regresar da Coruña, poderán facelo pola rotonda de Santa Cristina, a rúa Corredoira das Viñas, a rúa da Piscina -que cambiará de dirección-, e a rúa Miradoiro para chegar ao monumento a Che Guevara.



- 1. Coller a rúa CORREDOIRA DAS VIÑAS
- 2. Meterse pola RÚA DA PISCINA
- 3. Incorporarse á rúa MIRADOIRO



Para axilizar a circulación na N-VI, o Ministerio de Fomento introduciu diversos cambios na intersección de Sol y Mar. Elimináronse todos os semáforos, agás o dos peóns. Os vehículos que circulan dirección Madrid, para xirar cara á estrada de Montrove, teñen que facer un cambio de sentido á altura da Mercedes. Ademais, desde a rúa do Areal impídese o xiro á esquerda, para evitar os atascos orixinados coa rotonda inicial que tivo que eliminarse.

Cambios na circulación no centro de Perillo ▼

◆ Para reducir o número de vehículos que transitan polas rúas do centro de Perillo, a avenida Rosalía de Castro pasará a ser de sentido único desde a rúa Somalia. Este cambio implica tamén que os vehículos que baixen pola rúa do Pombal só poderán xirar cara á dereita. Ademais, para axilizar a circulación de Rosalía de Castro e evitar a dobre fila, crearanse catro estacionamentos regulados de 10 minutos de duración fronte á farmacia. Así, facilitaranse as compras e xestións nos establecementos da zona.

Os alcaldes de Oleiros e A Coruña informan nunha asemblea sobre a creación da Área Metropolitana



◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, deron ampla información sobre o proceso de creación da Área Metropolitana da Coruña e os beneficios que ten para a cidadanía a constitución deste novo organismo na asemblea aberta que se celebrou na Fábrica e na que participaron 146 veciños e veciñas así como representantes das entidades sociais, educativas, culturais e deportivas do municipio.

Ambos alcaldes destacaron durante as súas intervencións a importancia de constituír o novo ente para mellorar e abaratar servizos básicos como o abastecemento de auga, a recollida de lixo, o tratamento dos residuos ou o saneamento, entre outros. Igualmente explicaron que a través da Área Metropolitana poderíase abordar a urxente mellora que precisa o transporte público ou demandar fondos europeos para poder mellorar as infraestruturas viarias da comarca, completamente abandonadas polos distintos Gobernos do Estado ao longo dos anos.

García Seoane e Ferreiro tamén fixeron un chamamento ao entendemento de todos os municipios e lamentaron as trabas que está a impoñer o Partido Popular e o Partido Socialista para a creación do organismo. O PP, que desde Santiago defende as áreas metropolitanas, boicotea a súa formación desde o Concello da Coruña. Algo semellante acontece co PSOE, que defende a creación da área nos concellos nos que goberna pero rexeita a creación do organismo no Concello da Coruña.

A Xunta segue a reclamar ao Concello o pago dunha taxa por unha actividade que non realizou e impide o asfaltado dun camiño en Mera ▼



■ A conselleira do Mar, Rosa Quintana, encabezou a ampla representación do Partido Popular na Festa da Centola 2016

◆ A Consellería de Medio Rural está a impedir a contratación dos traballos de pavimentación dun camiño municipal, a rúa Agurniño en Mera, que se atopa incluído no Plan de Melloras de Camiños Municipais 2017-2018. Para esta obra, que ten un custo de 70.000 euros, a Consellería aportaba 41.004 euros e a cantidade restante procedería das arcas locais.

Medio Rural argumenta que o Concello ten unha débeda coa Xunta de Galicia de 51,32 euros polas taxas de ocupación do Porto de Lorbé para a realización da Festa da Centola do 2016, unha actividade privada que organizou a Cofradía de Pescadores de Lorbé. Unha festa á que acudiu case toda a directiva provincial do Partido Popular e a consellería do Mar, Rosa Quintana.

O Concello de Oleiros, xa cando a Xunta pretendía cobrar a taxa no seu día, dirixiuse ao organismo autonómico para informalo de que nada tiña que ver coa organización desta festa. O Concello simplemente colaborou coa Cofradía de Pescadores de Lorbé no evento, para facilitarlles a súa realización, aportando vallas e mesas para a degustación das centolas por parte dos representantes do PP e dos demais comensais que acudiron a esta festa.

Todas as liñas de autobuses de Oleiros entran no centro da Coruña ▼

◆ Todas as liñas de autobuses existentes no Concello de Oleiros que se dirixen á Coruña chegan ata o centro da cidade desde hai varias semanas. As novas paradas están situadas na praza da Palloza, na praza de Ourense e en Entrexardins.

A pesar desta mellora, o transporte público segue a presentar importantes deficiencias no norte do municipio e en zonas de liñas e Nós. Para poder incrementar liñas e frecuencias é imprescindible a creación da Área Metropolitana da Coruña, que pasaría a ter as competencias neste ámbito en detrimento da Xunta de Galicia.



O Martes de Entroido e o Luns de Pascua serán festivos en 2018 ▼

◆ O pleno do Concello de Oleiros designou os festivos de carácter local para o ano 2018. As datas escollidas son o Martes de Entroido, que coincide o día 13 de febreiro, e o Luns de Pascua, que é o 2 de abril.

A recadación polo servizo da ORA ascende a 166.766 euros ▼

■ *Estes ingresos contribúen a cubrir os numerosos gastos extraordinarios que supoñen o mantemento das praias e dos servizos públicos durante o verán*



◆ O servizo de regulación de aparcamentos existente nas localidades de Santa Cristina, Santa Cruz e Mera, así como nos aparcadoiros situados nas inmediacións de Bastiaqueiro recadaron un total de 166.766 euros. O mes de agosto foi o de maior recadación con 60.820 euros. En xuño os ingresos foron de 31.228 euros, en xullo de 38.525,50 e na primeira quincena de setembro acadáronse 8.307,50 euros. Ademais, cobráronse outros 27.885 euros en multas e anulacións de denuncias.

Un ano máis cumpríuse co obxectivo de garantir a rotación de vehícu-

los e impedir que os mellores estacionamentos queden copados todo o día polos mesmos coches. Con este sistema, benefíciase aos veciños e veciñas que dispoñen de aparcamentos para facer as súas xestións nas fronteas marítimas das localidades de Mera, Santa Cruz e Perillo. Tamén supón unha axuda moi importante para os locais de hostalería destas zonas que ven como os seus clientes dispoñen de prazas libres para deixar os seus automóviles.

O servizo da ORA estivo vixente entre o 1 de xuño e o 15 de setembro, en horario de 12:00 a 20:00 horas.

A Dirección Xeral do Catastro inspeccionará todas as vivendas de Oleiros durante os vindeiros meses

◆ A Dirección Xeral do Catastro, dependente do Ministerio de Facenda do Estado, realizará unha inspección a todos os inmobles de Oleiros durante os vindeiros meses. O persoal encargado de realizar o traballo, que estará debidamente identificado, tomará fotografías de todas as edificacións do municipio desde a vía pública.

Naqueles casos nos que existan modificacións ou altas non comunicadas, o Ministerio de Facenda aplicará un taxa de 60 euros. Esa cantidade será reembolsada a toda a cidadanía que xustifique axeitadamente que non existen cambios nin novas edificacións nas súas propiedades.

O Concello de Oleiros incrementa o IBI a Autopistas del Atlántico nun 46% ▼

◆ O pleno do Concello de Oleiros aprobou a modificación de distintas ordenanzas fiscais para actualizar as taxas aos incrementos do IPC, establecido polo Ministerio de Facenda. Entre as variacións atópase o Imposto de Bens Inmobles de Características Especiais, que grava unicamente a Autopistas del Atlántico e que terá que pagar un 46,15% máis que ata o de agora.

Entre os impostos que foron revisados, atópase tamén a taxa de sumidoiro que experimentará un incremento de 21 céntimos. Cando o consumo sexa superior aos 27 metros cúbicos, ademais deses 21 céntimos, incrementase 1 céntimo por metro cúbico.

Oleiros é o municipio coa renda máis alta de Galicia ►

◆ O Concello de Oleiros é o municipio de Galicia coa renda máis alta por habitante, superando a todas as grandes urbes e aos concellos máis potentes. No conxunto de España, Oleiros supera tamén a Madrid e Barcelona e ocupa a posición número 34.

Segundo os datos do Ministerio de Facenda do ano 2015, Oleiros conta cunha renda bruta media de 37.584 euros por habitante e é o único concello galego que se atopa entre os 100 primeiros de España.



O alumnado de dous colexios de Nicaragua xa utiliza o material enviado desde Oleiros



◆ As escolas Francisco José Montealegre e Alfonso Mondragón, dous centros de ensino dunha das rexións máis pobres de Nicaragua, xa dispoñen do material escolar enviado polo Concello de Oleiros. Centos de cadeiras, pupitres, mesas, pantallas de proxección, un piano, material de física e química, encerados, biombos e o material didáctico de todo tipo en perfecto estado de conservación que se atopaba almacenado nas escolas públicas de Oleiros teñen unha nova vida.

Decenas de veciños e veciñas participaron nesta campaña de cooperación. O envío realizouse en colaboración co Grupo Novapescanova que trasladou todo o material directamente por vía marítima ata o seu destino.

O Concello coopera nun proxecto sanitario en Chiapas



◆ O pleno do Concello de Oleiros aprobou unha subvención de 13.820 euros para que a ONG Solidariedade Galega desenvolvese un proxecto de cooperación sanitaria en Chiapas. Un grupo de sanitarios, do que formaron parte varios veciños e veciñas de Oleiros, dedicaron as súas vacacións a atender de xeito gratuito as persoas máis desfavorecidas na zona rural de Altamirano, no Hospital San Carlos.

Debido ao illamento no que se atopa a localidade que alberga este hospital, resulta moi complicado atopar médicos que poidan traballar no centro. É por iso que misións como a do equipo de médicos voluntarios de Solidariedade Galega ten unha elevada importancia.

O Goberno municipal impulsa tres proxectos de cooperación desde o Fondo Galego ▼



◆ O Goberno municipal, a través da súa participación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, está a impulsar a realización de tres importantes proxectos de cooperación en Guatemala, Guinea Bissau e Honduras. En total, o organismo aporta para estas tres actuacións máis de 136.000 euros

En Honduras, concretamente na mancomunidade de Nasmar, e en Guinea Bissau, na rexión de Bafatá, os proxectos están relacionados co abastecemento de auga en comunidades rurais e coas prácticas de hixiene axeitadas. No caso de Guatemala, vai desenvolverse unha acción educativa no municipio de Chinautla dirixida a mellorar as relacións afectivas e sexuais entre crianzas, adolescentes e mozos.

PRESIDENCIA DA CONFEDERACIÓN DE FONDOS DO ESTADO

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que este 2017 cumpre 20 anos, ocupará a presidencia da Confederación de Fondos do Estado. Desde o ano 1997, O Fondo Galego puxo en marcha máis de 150 proxectos de cooperación internacional en preto de trinta países, entre eles Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú ou Mozambique.

O orzamento municipal para o ano 2018 aposta polo mantemento dos servizos e das infraestruturas públicas ▼

■ *Malia ás limitacións do Estado, o investimento en novas obras incrementase en máis dun 5% e sitúase preto dos 6 millóns de euros ▼*



◆ O pleno do Concello de Oleiros acordou a aprobación do orzamento municipal para o ano 2018 o día 30 de novembro. O investimento total é de 28.001.130 euros, o que supón un incremento do 2,91% en relación ao do exercicio anterior.

A Lei "Montoro", aprobada polo Goberno central do Partido Popular, impide a libre utilización dos recursos dos que dispón o Concello. Para maquillar as contas do Estado e reducir o déficit público ante os controis da Unión Europea, o Partido Popular utiliza municipios como o de Oleiros, que non ten débedas, e impídelle incrementar os gastos en novas obras e servizos.



◆ A principal parte dos gastos, máis dun 40%, destínase ao mantemento dos servizos e do patrimonio municipal. Tamén destacan pola súas contías os investimentos reais e os custos de persoal, que en grande parte tamén se centran na conservación das infraestruturas, dos servizos e dos numerosos espazos públicos cos que conta o Concello de Oleiros.

En canto aos ingresos, está previsto que os impostos directos se incrementen neste exercicio nun 4,06%. As outras fontes de financiamento máis importantes son as taxas e prezos públicos e as transferencias correntes.



OBRAS E SERVIZOS A REALIZAR EN 2018 ▼

■ Construción e reparación de beirarrúas en Arillo, rúa o Xuncal, Miraflores e Rosalía de Castro:	549.000 euros
■ Expropiacións do parque de Bastiagueiro (2ª fase):	543.500 euros
■ Axardinamento do carril bici entre Santa Cruz e Mera, ampliación do parque das Galeras e novos parques infantís en Mesón da Auga e As Torres:	530.000 euros
■ Novas urbanizacións:	478.000 euros
■ Acondicionamento do contorno do Castelo de Santa Cruz, material do Museo Os Oleiros, novo local de Mera, finca de Bastiagueiro, reformas no centro de lecer de Santa Cruz, local das Pedras, Local Social de Rialta, Casa da Cultura de Perillo, casa do pobo de Dexo e Lorbé, novo almacén na polideportiva da II República e lavadoiro Fonte Álvaro:	366.000 euros
■ Renovación da rede de abastecemento de auga de Santa Cruz e rede de abastecemento de auga na avenida das Mariñas:	341.860 euros
■ Mellora dos sistemas informáticos municipais:	290.000 euros
■ Reparacións en vías públicas, alumeados e zonas verdes:	200.000 euros
■ Cuberta da pista polideportiva da casa do pobo de Dorneda:	180.000 euros
■ Renovación do paseo marítimo de Mera, renovación do paseo das Galeras e outros:	150.000 euros
■ Renovación da rede de abastecemento de auga no Pombal, en Perillo, e bombeo das Pedras:	146.000 euros
■ Grada do campo de fútbol Leonardo Maceira:	145.000 euros
■ Expropiacións para a terceira fase do carril bici en Arillo:	140.700 euros
■ Adquisición dun novo camión para asfaltados:	130.000 euros
■ Reposición e melloras na rede de abastecemento de auga, en contadores e acometidas:	120.000 euros
■ Mellora da iluminación do Balcón de Maianca, estrada do Faro de Mera, rúa Xuncal e paseo de Santa Cristina:	100.000 euros
■ Novas marquesiñas:	80.000 euros
■ Adquisición de novas publicacións para as bibliotecas:	30.000 euros

MELLORAS NA PAVIMENTACIÓN DE RÚAS PÚBLICAS: 680.000 EUROS

- Rúa da urbanización O Valiño, en Nós
- Rúa A Seara, en Nós
- Rúa Benito Vicetto, en Nós
- Rúas da urbanización Mesón da Auga, en Nós
- Rúa do acceso á DGT, en Montrove
- Rúa San Bartolomé de las Casas, en Nós
- Rúa Avelino Cachafeiro, en Nós
- Rúa Campo do Souto, en Iñás
- Rúa As Toxeiras, en Iñás
- Rúa do Couto, en Iñás
- Rúa Carrizas, en Iñás
- Rúas Urbanización O Xunqueiro, en Mera
- Rúa Fonte Cuba, en Dexo
- Rúa Castro da Vixía, en Dexo
- Rúa Covada, en Oleiros
- Rúa Morriña, en Oleiros

As entidades deportivas, culturais e as asociacións de veciños reciben 90.000 euros da Deputación en subvencións ▼

◆ A Deputación da Coruña concedeu durante 2017 un total de 90.399,08 euros en subvencións a diversas entidades deportivas, culturais e sociais que se presentaron ás diferentes convocatorias existentes. Nos vindeiros días publicaranse as resolucións ás alegacións formuladas polas entidades sobre as concesións provisionais.



ENTIDADE	Subvención concedida
■ Coral Polifónica de Mera:	6.440 euros
■ A. C. D. R. V. P. Rosario de Dorneda:	6.225 euros
■ A. VV. Santaia:	3.120 euros
■ Asociación Cultural Lembranzas de Santa Cruz:	2.500 euros
■ Coro de Oleiros:	2.173 euros
■ A.VV. Os Rueiros:	1.611,75 euros
■ S.C.D. Rabadeira:	5.000 euros
■ Club Gabi:	6.970 euros
■ Club Acuatic:	6.395 euros
■ Agrupación Deportiva Fogar:	6.000 euros
■ Escola Ximnasia Acordes:	5.733 euros
■ Centro Deportivo Mariñeiro:	4.840 euros
■ Club Patinaxe Oleiros:	3.620 euros
■ Club Maxia:	3.070 euros
■ Club Regatas Perillo:	2.500 euros
■ Asociación Deportiva Cristo Rey:	2.500 euros
■ Club Deportivo Obrero:	2.500 euros
■ Xuventude de Dorneda:	2.500 euros
■ Marino de Mera:	2.500 euros
■ Trebóns Basket Club:	2.500 euros
■ Mera Fútbol Sala:	2.470 euros
■ Club Atlético Perillo:	2.271 euros
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	1.955 euros
■ Triatlón Oleiros:	1.785,33 euros
■ Hércules de San Pedro:	1.720 euros
■ Unión Campestre de Montrove:	1.520 euros

Os centros municipais de formación de Oleiros son os únicos de Galicia que contan co certificado ISO de calidade ▼

◆ Os centros municipais Isaac Díaz Pardo e A Carballeira acaban de ser incluídos no sistema de calidade ISO 9001:2015. De todos cantos centros hai en Galicia, os de Oleiros son os únicos que contan con esta importante certificación.

Os centros municipais de formación do Concello de Oleiros prestan servizo de formación, de emprego, de orientación profesional e de asesoramento a emprendedores e empresarios. A certificación ISO abrangue todos eses traballos.

En xaneiro comezan catro novos cursos para persoas en situación de desemprego ▼

◆ Ademais dos seis que xa están iniciados, nos vindeiros meses ofertaranse catro novos cursos de formación que están subvencionados pola Xunta de Galicia. En total ofértanse 60 novas prazas dirixidas a persoas en situación de desemprego.

O primeiro dos cursos, de Comunicación en lingua castelá, comezará o 22 de xaneiro. Posteriormente iniciaránse as clases de Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, Competencia matemática e Comunicación en lingua galega.

O horario das clases será de mañá, de 9:00 a 15:00 horas. As persoas interesadas deben dirixirse ao Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, na rúa Os Regos. Os teléfonos son o 981 610 319 e o 981 631 706.



Os maiores de Perillo e Santa Cruz explicarán unha parte da historia das súas localidades nos colexios Valle Inclán e Parga Pondal ▼



◆ Dentro do proxecto interxeracional “Oleiros na memoria”, que desenvolve a Concellería de Servizos Sociais, as persoas maiores que participan nos obradoiros de Perillo e Santa Cruz achegáranse aos colexios Valle Inclán e Parga Pondal para transmitir o que era a vida na ría, no caso de Perillo, e a importancia das mulleres e a relación co Castelo en Santa Cruz.

Maiores e rapazada van participar conxuntamente nunha actividade de investigación e recuperación da historia da súa localidade. Os maiores trasládanse ás escolas e convértense en mestres transmitindo os seus coñecementos, as súas experiencias e a historia dun Oleiros descoñecido para os máis novos.

A educación non só se aprende na escola, senón tamén, na familia, cos iguais, no entorno que nos rodea, e as experiencias propias das persoas próximas a nós, por iso valoramos tan importante esta transmisión interxeracional de coñecemento e sabedoría, complementando a cultura e os recursos coa “historia popular”, as anécdotas do día a día, de cando eles eran tamén uns raparigos.



PARTICIPA!

O Voluntariado de Oleiros colabora con Mulleres Colleiteiras nun proxecto de recollida de aceite ▼

◆ Nos vindeiros días poñerase en marcha un novidoso e pioneiro programa medioambiental de economía circular no CEIP Juana de Vega de Nós, no que o Voluntariado de Oleiros xunto co centro educativo, a ANPA e a asociación Mulleres Colleiteiras levarán a cabo un proxecto de recollida de aceite de cocina usado. A campaña durará ata o remate das clases e o alumnado dos cursos superiores recibirá unha formación para investigar, traballar, facer visible e divulgar o programa entre os máis pequenos do centro e os veciños de toda a parroquia.

Ante os numerosos beneficios a corto e a longo prazo desta acción, estudárase a posibilidade de continuar co seu desenvolvemento de forma estable e incorporalo a outros centros do concello.

Unha conferencia e un obradoiro informarán ás familias sobre a realidade das redes sociais entre a mocidade ▼



◆ Para informar a todas as familias sobre a realidade das redes sociais entre os e as adolescentes e o importante papel que xogan na identidade dos mozos e mozas, está previsto a realización dunha charla sobre esta problemática nas vindeiras semanas. Baixo o nome *Redes sociais e a adolescencia. Que está a pasar?* desenvolverase unha xornada informativa que contará posteriormente cun obradoiro para profundar nesta temática.

Un mal uso das redes sociais pode provocar graves conflitos e comportamentos ou consecuencias non desexadas. O papel que xogan as redes sociais como espazo de encontro na adolescencia é fundamental, ao ser un punto de reunión de rapaces e rapazas sen que exista ningún tipo de control e nin ningún tipo de coñecemento por parte das familias dos contidos que alí se tratan. Por iso é tan importante que saiban o que está a acontecer.

Os campos de fútbol municipais están a disposición de todos os clubs ▶

◆ Oleiros é un dos concellos de Galicia con máis campos de fútbol de propiedade municipal. A día de hoxe, os 10 clubs que hai no municipio teñen á súa disposición catro campos de herba sintética e un de terra. Sen ir moi lonxe, na cidade da Coruña contan con 9 campos municipais para 43 clubs de fútbol e os equipos, ademais de realizar os seus adestramentos en medio campo, véñense obrigados a pagar por poder utilizar terreos de xogo propiedade da Xunta de Galicia e doutras entidades.

Para poder contar con estas instalacións e fomentar a práctica deste deporte en Oleiros, especialmente entre os máis pequenos, o Goberno municipal tivo que esquivar as restricións impostas polo Goberno central do Partido Popular aos investimentos públicos en novas obras e servizos. A Lei do Estado permite mellorar servizos e equipamentos xa existentes pero impide a realización de novas infraestruturas como



poderían ser a construción de campos de fútbol en Dorneda e Mera, que superarían o millón e medio de euros cada un (a renovación total dos campos de Montrove, Os Regos e Iñás custou menos de dous millóns).

No momento no que se renovaron as instalacións e foron dotadas de céspede artificial, o Concello de Oleiros ofreceulle a todos os equipos a posibilidade de utilizalas. Obrero, Montrove, Santa Cruz, Cristo Rey e Iñás, comezaron a compartir os terreos de xogo municipais existentes nas súas localidades co Perillo, o Atlético San Pedro, o Xuventude de Dorneda e o Marino.

No caso concreto do Marino de Mera, que xa utiliza desde hai varios anos o campo municipal Eugenio Pardo Conchado un día á semana, tamén podería utilizar este ou algún dos outros campos municipais para os adestramentos e os partidos dos seus diferentes equipos. Polo mo-

mento, e a pesar do ofrecemento realizado polo Goberno municipal, desde a entidade tan só solicitaron “a concesión do campo Eugenio Pardo Conchado ou calquera outro un día á semana e que non sexa luns, por razón de respectar a recuperación física dos xogadores tras un partido, en calquera horario a partir das 20:30-21:00 h durante unha hora ou hora e media. Daría igual o día da semana”.

En calquera caso, unha administración pública non ten obriga de facerlle ningunha instalación deportiva a un club privado e un Goberno responsable tampouco debe investir nun único campo de fútbol os cartos que pode destinar a reconstruír tres e dar servizo a todos os equipos. O Concello de Oleiros ten previsto ampliar a oferta de infraestruturas unha vez que o Goberno central do Partido Popular levante o veto para a realización de investimentos en novos equipamentos.

O campo de Iñás pasará a denominarse Nano García Núñez ▼



◆ O campo de fútbol municipal de Iñás levará o nome de Nano García Núñez, veciño de Iñás recentemente falecido. Nano sempre foi unha persoa estreitamente vinculada ao Concello de Oleiros e ao deporte. Ademais da súa participación en Radio Oleiros e noutros medios de comunicación, tamén colaborou na organización de numerosos eventos deportivos no municipio.

A Liga de Judo comeza no mes de xaneiro ▶

◆ O vindeiro 27 de xaneiro arranca unha nova edición da Liga de Judo que organiza o Concello de Oleiros en colaboración co Judo Club Oleiros. Participan máis de 450 nenos e nenas en idade escolar de toda Galicia e Asturias, entre eles os judokas de Oleiros.

A competición desenvolverase os días 27 de xaneiro, 10 e 24 de febreiro e o 24 de marzo. Os combates terán lugar no pavillón José Antonio García Nieto de Canide.



Todos os pavillóns son dotados de desfibriladores

◆ Os pavillóns polideportivos municipais contan desde hai varias semanas con desfibriladores externos semiautomáticos. O Concello de Oleiros instalou estes equipos nas instalacións de Perillo, Oleiros, Bastiagueiro, Santa Cruz e Canide.

Estes recintos públicos son utilizados ao longo do ano por centos de persoas, polo alumnado e o profesorado dos centros de ensino, deportistas, público en xeral... Os desfibriladores foron colocados para unha rápida actuación ante os posibles episodios de parada cardiorrespiratoria.

Eduard Lamas proclámase campión do mundo de hóckey a patíns ▼



◆ Eduard Lamas, veciño de Oleiros, proclamouse campión do mundo de hóckey a patíns en China. O actual xogador do Liceo da Coruña foi unha das pezas claves na vitoria do equipo español. Ademais, unha representación de afeccionados oleirenses estivo en China deixándose notar.

Lucas Yáñez e Lucía Fernández triunfan na Copa de Europa de patinaxe artística ▼



◆ Lucas Yáñez e Lucía Fernández volveron triunfar na Copa de Europa. Ambos patinadores subiron ao podio na categoría infantil. Lucía Fernández ocupou a segunda posición e Lucas Yáñez foi terceiro. Ademais, antes dese éxito europeo, proclamáronse campións de España.

José Manuel Sánchez ocupa a terceira posición no Mundial de piragüismo ▼



◆ O piargüista oleirense José Manuel Sánchez sumou unha nova medalla ao seu extenso palmarés cun bronce no Mundial de piragüismo celebrado en Sudáfrica. Sánchez completou unha extraordinaria actuación e, xunto co seu compañeiro Tono Campos, acadou unha nova medalla nun mundial de maratón na categoría de C-2.

Os judokas de Oleiros conseguen tres medallas na Supercopa de España ▼



◆ Lucía Rodríguez, cun ouro na categoría de -44 kg, Martín López, cun bronce en -66 kg, e Antonio Sandino, con outro bronce en +90 kg, triunfaron na Supercopa de España de Judo que tivo lugar na cidade de Vigo o pasado mes de outubro. Todos eles forman parte do Judo Club Oleiros e adestran nas instalacións municipais que pon á súa disposición o Concello.

Paula Agra gaña o Campionato de Europa de Salvamento e Socorrismo ▼



◆ A deportista de Lorbé Paula Agra Neira volveu triunfar cun importante éxito ao vencer no Campionato de Europa no que participou co equipo español e no que completou unha actuación espectacular. Ademais, neste 2017 acadou outras sete medallas nos campionatos de España e proclamouse campioa galega na categoría júnior.

Rafael Ordóñez, do Club de Regatas Perillo, é elixido mellor adestrador do ano 2017 ▼



◆ Rafael Ordóñez, adestrador dos remeiros e remeiras das categorías inferiores do Club de Regatas Perillo, recibiu o premio ao mellor adestrador do ano 2017 que entrega a Federación Galega. Grazas ao extraordinario traballo deste técnico, o club colleitou importantes éxitos durante a tempada que acaba de finalizar. A entidade tamén foi premiada como mellor equipo de remo olímpico nas categorías alevín, cadete e xuvenil masculino.

Arrinca os plumachos das túas fincas!

SON UNHA PESTE

O Concello de Oleiros recibe o premio ao mellor sistema de bibliotecas de todo o Estado ▶ na Feira Internacional do Libro

◆ A Federación de Gremios de Editores do Estado, que acubilla a máis do 90% das editoriais privadas, entregoulle ao Concello de Oleiros o prestixioso Premio Fomento da Lectura a Bibliotecas abertas ao público na Feira Internacional do Libro, que se tivo lugar recentemente en Madrid. O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais e as numerosas actividades de promoción da lectura que se desenvolven ao longo do ano foron determinantes para acceder a este importante recoñecemento.



A Banda Sinfónica do Concello de Oleiros actúa en Valencia

◆ A Banda Sinfónica do Concello de Oleiros desprazouse no mes de outubro ata Valencia para actuar na localidade de Puçol. Ademais de brindar un espectáculo musical maravilloso, todos os membros da banda gozaron duns días de convivencia e turismo na cidade de Valencia e na súa contorna. O Concello de Oleiros custeou os gastos do desprazamento.

As compañías de teatro oleirenses Axóuxere e Azar triunfan no Gabriel García Márquez ▶

◆ A compañía oleirense Axóuxere Teatro estreou cun grande éxito a obra *Quero ser maior!*, unha comedia infantil, escrita e dirixida por Alejandro Albaiceta e especialmente recomendada para maiores de 6 anos. A acollida entre a crítica e o público foi espléndida grazas á formidable interpretación de Nanda Tasende, Kike Vales, Sara Pascale, Lucía Veiga e Alejandro Albaiceta.

Igualmente, a compañía Azar Teatro Danza e Música tamén representou *O soño negro* ante un numerosísimo público que se rendeu ao espectáculo que dirixiu Marisol Casal. Brais Romero García, Brenda Romero Casal, Sergio León Centeno, Xíán Romero Casal, Oliver Daniel Carballal García e María Florencia Del Pópulo Calzada formaron o elenco de actores e actrices.



Marta Maceira é distinguida co Premio Extraordinario Fin de Carreira de Galicia ▼



◆ A veciña de Santa Cruz Marta Maceira recibiu o Premio Extraordinario Fin de Carreira de Galicia que outorga a Xunta de Galicia aos mellores expedientes universitarios. Maceira logrou unhas notas brillantes na súa carreira, o graduado en Terapia Ocupacional. Este premio vén a recoñecer o traballo, a dedicación e a gran capacidade que ten esta muller, así como a calidade dos centros de ensino público do noso municipio, pois Marta Maceira procede do IES María Casares.

O músico Jacobo Loza ▶ accede á Royal Academy of Music de Londres



◆ Jacobo Loza, formado na Escola Municipal de Música de Oleiros, está a formarse na prestixiosa Royal Academy of Music de Londres, unha das academias máis importantes do mundo, que está integrada na Universidade de Londres e pola que pasaron afamados músicos. Dentro da brillante traxectoria musical deste artista oleirense destaca, entre outros logros, o Premio Extraordinario Fin de Grao polos seu expediente no Conservatorio Profesional de Música da Coruña e o seu paso pola Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid.

A Escola Municipal de Teatro entrará en funcionamento en 2018

◆ O Concello de Oleiros está a rematar os trámites de contratación da empresa que prestará o servizo académico para a nova Escola Municipal de Teatro, que entrará en funcionamento proximamente. Este novo centro de ensino municipal terá a súa sede no edificio da Escola Municipal de Danza, na avenida Valle Inclán. O Concello de Oleiros informará publicamente nas vindeiras semanas dos prazos de matriculación.

Máis de 1.000 persoas participarán nunha nova edición de Ocioleiros ▶

◆ O 5 de febreiro comeza unha nova edición de Ocioleiros. Este programa municipal ofrece 31 actividades de todo tipo dirixidas á diversión e ao entretemento de todos os veciños e veciñas que están empadroados en Oleiros.

As listaxes definitivas de inscritos publicaranse o vindeiro día 30 de xaneiro. No caso de quedar algunha praza vacante, abrírase un período extraordinario de inscrición os días 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro na conserxería da Fábrica.



Continúan as actividades de teatro, artes plásticas e olería ▶

◆ Máis de 150 persoas de todas as idades participan durante todo o ano nas actividades artísticas que organiza o Concello de Oleiros desde a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística. Os obradoiros de teatro para todas as idades, a escola municipal de artes plásticas e os obradoiros de olería infantil, xuvenil e de adultos son espazos para o aprendizaxe e o desenvolvemento das habilidades artísticas e lugares de convivencia e encontro entre veciños e veciñas.

Aínda que as clases xa están iniciadas, todas aquelas persoas interesadas en participar deben informarse no centro cultural A Fábrica. Poden chamar ao teléfono 981 636 598 ou dirixirse ao enderezo electrónico cultura@oleiros.org.

Os centros de ensino celebrarán o Día da Lingua Materna e o Día de Rosalía con xogos, concertos e unha xincana literaria ▼

◆ O vindeiro 21 de febreiro é o Día da Lingua Materna e o 24 de febreiro, o Día de Rosalía, data na que se conmemora o nacemento da escritora e desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros organizáronse actividades que abrangerán todo o mes para celebrar estas datas nos centros de ensino.

O alumnado de 3º e 4º de primaria poderá gozar dunha actividade que mesturará a lingua e a educación física, *Lingua Forza 3*. Unha proposta na que se analiza a habilidade, a resistencia e a velocidade lingüística, física e mental, un xeito divertido de desbotar os prexuízos lingüísticos que poidan ter os nenos e nenas a través do xogo.

Aos institutos do Concello chegan dúas propostas, unha para 1º e 2º da ESO, unha xincana literaria centrada na vida e obra de Rosalía de Castro, *Rosalía na voz da xente*. E outra para 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato, o concerto de *De Vacas*. A través deste cuarteto que fai versións de éxitos promóvese que a rapazada cante, baile e se divirta en galego, á vez que se fomenta a creatividade e se achega música na nosa lingua á mocidade.



O Apego recibe o Premio da Cultura Galega 2017



◆ O proxecto Apego foi galardoado co Premio da Cultura Galega 2017 na modalidade de lingua, ademais de que este ano fose recoñecido tamén co Premio Rosalía de Castro de Lingua 2017. Ao acto de entrega, que tivo lugar o 12 de decembro en Santiago de Compostela, asistiron a concelleira de Cultura e Normalización Lingüística, Esther Garrido Pan e a técnica de normalización lingüística, Lucía Filloy López.

Apego é un programa dirixido a fomentar e a facilitar a transmisión do galego como lingua inicial e a socialización dos nenos e das nenas entre 0 e 6 anos no noso idioma. Todas as familias interesadas poden inscribirse no Servizo de Normalización Lingüística do Concello, situado na Fábrica, en Perillo. Coa inscrición agasállase ás crianzas con materiais que fomentan o uso da lingua adaptados a cada idade e facilitáanse e difúndense recursos. Ademais deséñanse e prográmanse actividades como obradoiros, contacontos, concertos... Cada vez son máis as familias inscritas en Oleiros e no conxunto da comunidade do Apego xa hai máis de 2.000 familias.

O universo máxico dos contos, nas bibliotecas municipais ▼

Para participar é imprescindible reservar praza previamente. As solicitudes poden realizarse presencialmente en cada unha das bibliotecas ou mediante unha chamada telefónica ao número 981 610 000.



• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

FEBREIRO

- ▶ **Día 15** (18:30 horas): *Un gran día de nada* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Plash!!!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

MARZO

- ▶ **Día 1** (17:30 horas): *Coas mans na masa* con **Oqo**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 8** (18:30 horas): *As diferenzas polas ti* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 15** (18:30 horas): *O Curral de Cocoricoricó* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Satélites colgantes* con **Asociación Participa para la Inclusión Social**, para nenos e nenas de 8 a 12 anos.

• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

FEBREIRO

- ▶ **Día 21** (17:30 horas): *A galiña dos ovos de conto* con **Pedras: artesanía e patrimonio**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 28** (18:30 horas): *Ao baño non* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

MARZO

- ▶ **Día 7** (18:30 horas): *Dona Catrina e Dona Francisca* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 14** (17:30 horas): *Obradoiro de sumarinós* con **Ciencia en ruta**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 21** (18:30 horas): *Soños de contos* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

• BIBLIOTECA M^a JOSÉ TRINCADO. MERA

FEBREIRO

- ▶ **Día 2** (18:30 horas): *Unha culleiriña para...* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

MARZO

- ▶ **Día 2** (17:30 horas): *Obradoiro de encadernación* con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 16** (18:30 horas): *Colorín* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

◆ A través dos contos desenvólvese a imaxinación, a fantasía e a capacidade de fabulación de quen escoita, por iso que as sete Bibliotecas Municipais de Oleiros seguirán ofrecendo durante os vindeiros meses unha amplísima oferta de actividades de animación á lectura. En todos os casos, realizaranse de forma lúdica, activa e participativa, fomentando a imaxinación e a creatividade para espertar o pracer que pode proporcionar a lectura.

• BIBLIOTECA M^a JOSÉ RUSO. DORNEDA

FEBREIRO

- ▶ **Día 19** (18:30 horas): *Avós co rato Fuco*, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

MARZO

- ▶ **Día 5** (18:30 horas): *Nenas de conto* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 19** (17:30 horas): *A galiña dos ovos de conto* con **Pedras: artesanía e patrimonio**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.



• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

MARZO

- ▶ **Día 9** (18:30 horas): *Ollo Piollo* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 23** (17:30 horas): *Obradoiro de encadernación* con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.

• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

FEBREIRO

- ▶ **Día 20** (17:30 horas): *Obradoiro de encadernación* con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.



MARZO

- ▶ **Día 6** (18:30 horas): *Diagnosticando a igualdade* con **Caxoto Ojea**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *Contos que veñen e van* con **Pavís Pavós**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

MARZO

- ▶ **Día 8** (18:30 horas): *Rapazas de conto* con **Marisa Irimia**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Detective Gemola* con **Gemola**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.



Espectáculos culturais de primeiro nivel nos auditorios municipais ▼

■ A oferta de espectáculos culturais para os vindeiros meses inclúe danza, circo, teatro, monólogos... Ademais, A Fábrica acollerá o V Ciclo de Voces Cálidas para Noites de Inverno no que se darán cita tanto novos músicos como outros xa consolidados de estilos musicais moi diversos.

Xaneiro

- **Sábado 27**, ás 20.30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
La Soledad de Wally é un espectáculo de danza contemporánea da compañía Elahood.



Febreiro

- **Sábado 3**, ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo
Ejazz é un espectáculo musical no que se mesturan o jazz e o soul.



- **Sábado 10**, ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo
Voodoo é un espectáculo musical no que se mesturan blues, funk e soul.



Marzo

- **Venres 2**, ás 21.00 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Gaia é un espectáculo de danza contemporánea da compañía Entremans.



- **Sábado 3**, ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica, Perillo
La habitación de la música é un espectáculo musical no que se poderán escoitar clásicos do soul, pop e rock.



- **Sábado 10**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
El apartamento é un espectáculo circense da compañía Cirk About It.



- **Sábado 17**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Elisa e Marcela é un espectáculo teatral da compañía A Panadaria.



Abril

- **Sábado 7**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Afiando con humor é un monólogo do artista e humorista Serxio Pazos.



- **Sábado 14**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Casa O'Rei é un espectáculo teatral da compañía Ibuprofeno Teatro.



- **Sábado 21**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
A Leituga é un espectáculo teatral da compañía Eme2 Teatro.



- **Sábado 28**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Goldi Libre é un espectáculo teatral da compañía Chévere.



Campaña de cooperación cos colexios rurais de Nicaragua

Puntos de entrega: A Fábrica e Centro Municipal de Formación.
Ata o 31 de xaneiro. Só será recollido material en óptimo estado.

Recollida de material escolar, deportivo, libros, películas infantís, xogos, ordenadores, bicicletas,...

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Mordeduras Psíquicas

Nas rúas, nos parques, nas praias, no bosque dos veciños, nos xardíns, nas terrazas dos bares, por todos lados hai cans, algún coa súa correa, pero outros moitos soltos, casualmente os máis grandes, e sen bozal os perigosos.

Se lle lembrás a normativa a un dona/a de can solto, rinse ou insulta. Rinse de min e de vostede señor Alcalde, e das normas que o Concello aproba nos seus plenos. Rinse e fáltannos ao respecto a todos e todas.

O Concello ten que ser consciente das dificultades que isto entraña para a convivencia, ademais dun problema de saúde pública. Non só hai fecais de cans por todos os sitios, tamén hai secuelas de mordeduras físicas, e secuelas de mordeduras psíquicas (taquicardias e episodios de ansiedade) que sofren moitas persoas cada día. Pero todo debe ter un límite e entre todos poderíamos solucionalo. A presión social debe ser constante e suficientemente grande para afezar a conducta dos que non cumpren as mínimas normas de convivencia. Os cans, nos lugares públicos, con correa por favor. Non é tanto pedir.

M Garaboa

Misceláneas

Atopámonos nun impase de novas pola situación caótica que estamos a vivir neste mundo do demo. Un xa non sabe cal é o asunto máis acuciante que traer ás páxinas dos xornais. Si sabemos a orixe deste caos: as políticas noxentas de quen as veñen exercendo. Persoas sen escrúpulos movidas só por intereses económicos e de poder que medran a carón de leis á carta, promulgadas por eles mesmos.

Así, preocúpanos a nivel mundial o terrorismo, a ameaza nuclear, o deterioro do medio ambiente, as guerras, o sectarismo, o racismo, os malos tratos animais e humanos, o machismo, etc... Tamén, a nivel nacional, o conflito catalán, a seca, o paro, a corrupción, a ameaza das pensións, os incendios provocados, etc...

É a nivel local, temos Concellos cuns dirixentes incompetentes para a xestión pública que impiden consolidar proxectos imprescindibles na súa área de influencia, en contra do benestar xeral como, por exemplo, a Área Metropolitana da Coruña e comarca que

está sendo boicoteada polo alcalde de Arteixo (PP) e enlodada por outros gobernos de distinta ideoloxía (PP e PSOE). É tal a incoherencia que, sendo do mesmo grupo, uns votan unha cousa en Betanzos ou en Bergondo e os da Coruña outra. Aquí no noso Concello de Oleiros desde a páxina de opinión aberta, no derradeiro número, o partido Popular fala dunha "oportunidade perdida" por non crear unha "gran infraestrutura deportiva" nos terreos de Bastiagueiro "que nos pode ceder a Diputación", din. Acusa de tolemias ó Alcalde por tentar de facer un "Mausoleo". Esquecen, por dicir algo, a famosa Cidade da Cultura que iniciou o presidente do seu grupo, señor Fraga, na cidade de Compostela e que tantos millóns de euros nos costou a todo os galegos e non se sabe que utilidade positiva presta. En Oleiros presentouse un proxecto ambicioso onde os recursos nun 80% procedían de Europa e foi tumbado polo PP e PSOE sen ningún argumento serio e que si daría un gran impulso económico os nosos empresarios. En canto a facultade de Educación Física, que agora recomendan, recordar que quen tiña as competencias para levar a cabo esa panacea eran vostedes e fracasaron como acostuman a facelo. Así nos vai.

J.L.P.R. - Liáns

Máis alá do procés

En Cataluña existen dous millóns de persoas, 100.000 cidadáns arriba ou abaixo, que non queren formar parte do Estado español. Os motivos? Desde 1.000 quilómetros non vou dicir o que pensan ou deixan de pensar os cataláns, mais si conseguimos abstraernos da caverna mediática nacionalista española si que podemos entender e mesmo compartir con eles moitos dos motivos polos que queren abandonar este país.

Por moito que a maquinaria propagandística funcione a toda mecha, por moito que nos mintan, por moito que nos enganen e distraían, ningún cidadán libre pode negar as graves disfuncións do Estado español. Non existe igualdade ante a xustiza, o xefe do Estado "democrático" non é elixido polo pobo, a liberdade de expresión está amordazada por lei, o partido do Goberno ten unha caixa B chea de cartos de empresas que

son beneficiadas pola Administración, o liberalismo económico non causa máis que dramas sociais para enriquecemento duns poucos, as forzas de seguridade son empregadas para reprimírnos e non para protexernos, a casta franquista segue instalada e controla os aparatos de poder do Estado, os medios de comunicación non cumpren co seu cometido de informar obxectivamente á cidadanía, a sanidade e o ensino públicos están feridos de morte, existen presos políticos, ... Ante este panorama, realmente parece unha milagre auténtica que só sexan 2 millóns de cataláns os que non queren saber nada deste país.

Nin son catalán, nin son nacionalista, pero eu tampouco quero formar parte deste Estado podrido. Este país merece un futuro mellor, unha democracia e un estado de dereito real para o que é imprescindible un profundo cambio político que permita construír un novo Estado afastado da inxustiza e da desigualdade á que estamos sometidos todas e todos.

L.G.T.A. - Mera

Grazas Nano!

Hai uns días falecía Nano García, un home que levaba moitísimos anos facendo o programa Sintonía Deportiva de Radio Oleiros. Centos de persoas pasaron pola radio para informar sobre os clubs e os deportistas do concello. Grandes campións e campioas do noso municipio, aos que os medios de máis difusión non lle prestan atención nin recoñecen os seus importantes resultados, tiveron da man de Radio Oleiros e de Nano unha importante vía de difusión das súas competicións e dos seus logros na emisora do Concello de Oleiros.

Con Nano, ademais dunha boa persoa, foise un estreito colaborador de todas as entidades e deportistas de Oleiros por esa tarefa de difusión que desenvolvía dous días durante todas as semanas. A decisión do Concello de Oleiros de poñerlle o seu nome a un campo de fútbol municipal paréceme moi acertada xa que todas e todos os deportistas e clubs do municipio e os amantes do deporte estaremos por sempre agradecidos a Nano e Radio Oleiros polo seu extraordinario traballo de divulgación da actualidade deportiva.

Antonio Gómez - Nós

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	1 xaneiro / 31 xaneiro / 2 marzo
Mingua	8 xaneiro / 7 febreiro / 9 marzo
Nova	16 xaneiro / 15 febreiro / 17 marzo
Medra	23 xaneiro / 22 febreiro / 24 marzo

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.931 habitantes empadroados/as!

Ata o 22 de decembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.360
DORNEDA (San Martiño)	3.477
IÑÁS (San Xurxo)	1.220
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.494
MAIANCA (San Cosme)	1.463
NÓS (San Pedro)	4.728
OLEIROS (Santa María)	3.040
PERILLO (Santa Leocadia)	8.566
SERANTES (San Xulián)	1.583
TOTAL	35.931

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 29 de decembro ao 4 de xaneiro Do 16 ao 22 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 5 ao 11 de xaneiro Do 23 ao 29 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 12 ao 18 de xaneiro Do 30 de marzo ao 5 de abril
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	Do 19 ao 25 de xaneiro Do 6 ao 12 de abril
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 	Do 26 de xaneiro ao 1 de febreiro Do 13 ao 19 de abril
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 2 ao 8 de febreiro Do 20 ao 26 de abril
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 9 ao 15 de febreiro Do 27 de abril ao 3 de maio
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 16 ao 22 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 23 de febreiro ao 1 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 2 ao 8 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 9 ao 15 de marzo

Anos de loita desde o Concello de Oleiros comezan a dar os seus froitos

• O Ministerio de Fomento expón ao público o proxecto para a obra de Sol y Mar

◆ O Concello de Oleiros congratúlase de que por fin se aprobe o segundo proxecto para realizar a obra de Sol y Mar que leva demandando durante tantos anos o Goberno municipal, o cal conseguiu os terreos necesarios para a realización deste proxecto grazas ás cesións de particulares ao Concello. A alegría é parcial e non será total ata o momento no que, unha vez rematado o período de exposición ao público do proxecto, o Ministerio de Fomento contrate a obra durante este ano.

Esta actuación xunto coa conexión da vía Ártabra coa Autoestrada do Atlántico solucionarían moitos dos graves problemas de tráfico que existen na comarca e nos accesos á cidade da Coruña. O Concello de Oleiros agarda que a Xunta de Galicia tamén realice no 2018, con cargo a fondos europeos e autonómicos, a última fase da vía Ártabra, unha actuación imprescindible para que esta vía acade todas as súas posibilidades de comunicación e permita que os vehículos se incorporen directamente á AP-9.



As dúas pasarelas na N-VI, contrataranse este ano ▶

Para conseguir que o Ministerio de Fomento non demorese máis a construción das pasarelas peonís na N-VI, o Concello de Oleiros comprometeuse ao mantemento destas infraestruturas en relación á súa limpeza, ao ascensor e aos gastos eléctricos. As reparacións estruturais das dúas pasarelas terán que ser asumidas polo Estado.

O Ministerio de Fomento pretendía aplicar en Oleiros o que non acontece en ningunha outra parte do Estado, que o Concello fose a administración que correse con todos os custos de mantemento dunha infraestrutura situada nunha estrada de titularidade estatal. Unhas competencias que non lle corresponde a ningún municipio e que ademais suporían un grave prexuízo contra os veciños e veciñas de Oleiros.

